



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE
MONDOÑEDO PARA A REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten previsto formalizar co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e financiamento do “Proxecto de rehabilitación da praza de abastos de Mondoñedo”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente. Por isto, é necesario potenciar a competitividade, a dinamización e a estrutura dos establecementos comerciais situados no ámbito rural, procurando o equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural, a mellora da comercialización dos produtos autóctonos e a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos, así como a creación dunha rede de mercados excelentes.

Na consecución deste obxectivo, o Plan de Mercados Excelentes de Galicia constitúe un instrumento que pretende destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a súa situación estratéxica e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se





integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

Mondoñedo representa na súa contorna un concello moi relevante en canto á importancia do produto agroalimentario, polo que a mellora da súa praza de abastos supón unha necesidade para preservar tanto a produción de produto como a súa comercialización.

Así mesmo, Mondoñedo é un concello polo que discorre o Camiño de Santiago. A significación histórica e cultural do Camiño de Santiago, a súa crecente vitalidade, a súa importancia como icona de Galicia e o seu papel decisivo como elemento dinamizador da vida social e económica patentiza a necesidade das administracións públicas de investir nas localidades polas cales discorren os itinerarios xacobeos, especialmente nos anos santos.

Así, a celebración do Xacobeo 2021-2022 constitúe unha oportunidade para potenciar a praza de abastos de Mondoñedo e captar o maior número de clientela posible, dinamizando as vendas e animando tanto ás/aos peregrinas/os como aos/ás veciños/as de Mondoñedo a consumir produto local e de proximidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

